



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

Xefatura Territorial da Coruña  
Servizo de Montes

Edif. Administrativo Monelos - Vicente Ferrer, 2 - 15008 A CORUÑA

galicia

C0304355

**Informe relativo ao Proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación "San Rafael", nº 2946 da provincia de A Coruña**

Unha vez revisado o proxecto de referencia, se informa o seguinte:

**Antecedentes:**

A empresa "Cobre San Rafael, S.L." proxecta unha explotación para a extracción de cobre. Planéase realizar dita explotación dentro da concesión de explotación "San Rafael", nº 2946 da Coruña.

O Servizo de Enerxía e Minas da Coruña solicita á Dirección Xeral de Ordenación Forestal informe sectorial sobre o proxecto.

**Descrición das actuacións proxectadas:**

Proxéctase unha instalación mineira para a extracción a ceo aberto de mineral de cobre e para o tratamento in situ do mineral extraído.

De acordo co estudo de impacto ambiental achegado polo promotor, o proxecto ocupará un total de 689,65 ha, situadas nos concellos de Touro e O Pino. Prevese que a explotación teña unha vida de 14 anos, mais uns dous anos para a preparación e clausura das instalacións. Ao longo deste tempo estímase un volume de mineral de cobre extraído de 102,74 millóns de toneladas (267,1 millóns de toneladas de material en total), a un ritmo dunhas 21.918 toneladas ao día. A extracción do mineral realizarase a ceo aberto, mediante perforación e voadura.

O proxecto prevé a explotación de seis zonas de mineralización mediante a apertura de dez ocos mineiros, seis principais máis outros catro de menor entidade. Estas superficies de explotación directa suman unha superficie dunhas 150 ha.

Ademais dos dez ocos nos que se extraerá o mineral, proxéctase a construción dos seguintes elementos:

- Unha presa auxiliar para lodos ou estériles de planta pechada por un dique que acadará unha altura máxima de 81 m e unha lonxitude de 3.187 m. Esta presa terá unha capacidade aproximada de 24 millóns de metros cúbicos.
- Unha segunda presa ou depósito, con capacidade para uns 50 millóns de metros cúbicos, pechada por un dique de 55 m de altura máxima e 2.806 m de lonxitude.
- Construcións para oficinas, comedor, almacéns, laboratorio, xerador de emerxencia, nave principal, depósito de gasoil, planta de tratamento de augas, etc.
- Aparcadoiro.
- Balsa de emerxencia.
- Liña de alta tensión para prover de enerxía eléctrica ao proxecto. Esta liña partirá da subestación de Portodemouros e percorrerá unha distancia de 16 km polos municipios de Touro e Arzúa.

Para facer constar que esta copia é fiel reflexo do original.



O Xefe da Sección de Minas  
Fco. German Tuñas Rodríguez







## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Montes

Edif. Administrativo Monelos - Vicente Ferrer, 2 - 15008 A CORUÑA

galicia

- Diversas pistas no interior da explotación mais unha pista de acceso.

### Posibles afeccións ao eido forestal:

Estudada no Servizo de Montes a superficie que resultaría afectada polo proxecto, non se atoparon afeccións a montes veciñais en man común ou de xestión pública derivadas da construción e funcionamento da explotación proxectada.

O Servizo de Montes da Coruña solicitou informe ao Distrito Forestal III acerca do medio forestal no lugar do proxecto. O distrito indica no seu informe que a zona afectada, dentro do concello de O Pino, está integrada por propiedades privadas de superficie media moi pequena, con clara vocación e uso forestal, plantadas maiormente con especies do xénero *Eucalyptus*. No concello de Touro a superficie media das parcelas é algo maior que no de O Pino. Trátase neste concello dunha zona de vocación agroforestal na que se dispoñen, alternándose en mosaico, plantacións de propiedade privada tanto agrícolas como forestais. Dentro das plantacións forestais predominan as repoboacións co xénero *Eucalyptus*. O distrito tamén informa de que non consta a presenza na zona de expedientes de subvención relevantes, infraestruturas de xestión forestal, montes con certificación forestal de sostibilidade dos que se teña noticia, masas forestais de especial valor, parcelas de experimentación nin masas ou rodais selectos.

De acordo cos estudos realizados por este servizo e polo distrito forestal e coa información contida no documento de avaliación ambiental presentado polo promotor, unha parte importante da superficie afectada polo proxecto está adicada a plantacións forestais para o seu aproveitamento madeireiro. Trátase, polo xeral, de propiedades de titularidade e xestión privadas de reducidas dimensións, coa excepción dalgunha repoboación forestal de maior extensión.

Os terreos afectados se atopan situados en parte no concello de Touro e en parte en O Pino. Ambos concellos posúen Plan Xeral de Ordenación Municipal (en adelante, PXOM):

- O PXOM de Touro aprobouse definitivamente no ano 2010. Os solos afectados polo proxecto se atopan clasificados, na súa maior parte, como solo rústico. Dentro desta clasificación, á súa vez, parte dos terreos están clasificados como solo rústico de protección forestal (aproximadamente o 40% segundo o informe do Distrito Forestal III), outra parte como solo rústico de protección agropecuaria e outra parte como solo rústico de protección ordinaria (esta última superficie coincide coas terras ocupadas por explotacións mineiras antigas), xunto con diversas franxas lindeiras con regos que se atopan clasificadas como solo rústico de protección das augas. Estudada a zona de actuación no visor SIOTUGA, apréciase que a maior parte da superficie clasificada polo PXOM de Touro como solo rústico de protección ordinaria dentro do ámbito de estudo se atopa na actualidade ocupada por unha repoboación forestal.
- O PXOM de O Pino foi aprobado de xeito definitivo no ano 2003. Os solos nos que se proxecta a construción da canteira están clasificados, case na súa totalidade, como solo rústico de protección forestal, coa excepción dunha pequena franxa de solo rústico de protección ordinaria.

### Normativa de aplicación:

- Lei 7/2012, de montes de Galicia

XUNTA DE GALICIA  
XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA  
DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA  
DILIXENCIA: Para facer constar que este copia a fidelidade do orixinal.



O Xefe da Sección de Minas

Fco. Germán Tuñas Rodríguez





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

Xefatura Territorial da Coruña  
Servizo de Montes

Edif. Administrativo Monelos - Vicente Ferrer, 2 - 15008 A CORUÑA

galicia

*"Artigo 2. Concepto de monte ou terreo forestal*

1. Para os efectos desta lei, enténdese por monte ou terreo forestal todo terreo en que vexetan especies forestais arbóreas, arbustivas, de matogueira ou herbáceas, sexa espontaneamente ou que procedan de sementeira ou plantación, que cumpran ou poidan cumprir funcións ambientais, protectoras, produtoras, culturais, paisaxísticas, sociais ou recreativas.

Téñen tamén a consideración de monte ou terreo forestal:

- a) Os terreos ermos, os rochedos e os areais.
- b) As construcións e as infraestruturas destinadas a servizo do monte en que se localizan, así como os equipamentos e as infraestruturas de uso sociorrecreativo.
- c) Os terreos de antigo uso agrícola e con polo menos dez anos continuados de abandono, sempre que adquirisen sinais inequívocos do seu carácter forestal, cando formen parte de superficies continuas de polo menos 5 hectáreas, agás que se trate de terreos que estean incluídos con ese fin nun banco de terras ou instrumento semellante.
- d) Todo terreo que, sen reunir as características descritas anteriormente, se adscriba coa finalidade de ser repoboado ou transformado á actividade forestal, de conformidade coa normativa aplicable.
- e) Os enclaves forestais en terreos agrícolas coa superficie mínima de 5 hectáreas, a non ser que se compoñan os ditos enclaves de masas de especies forestais de frondosas do anexo 1 cunha idade media de polo menos dez anos, diminuíndose, para estes casos, a dita superficie mínima ata 1 hectárea."

*"Artigo 44. Xestión dos montes privados*

1. As persoas titulares dos montes privados poderán xestionalos por si mesmos ou contratar a súa xestión a persoas físicas ou xurídicas de dereito privado ou público, ou crear agrupacións para a xestión forestal conxunta, que poderá ter por obxecto calquera tipo de aproveitamento forestal, de conformidade coas restantes disposicións desta lei.

2. Son deberes específicos das persoas propietarias dos montes privados:

- a) O control fitosanitario na súa propiedade, de acordo coa normativa vixente en materia de sanidade vexetal e coas disposicións desta lei e a normativa que a desenvolva.
- b) A toma de medidas preventivas e de control respecto de calquera tipo de dano, nomeadamente contra os incendios forestais.
- c) A conservación da biodiversidade, do réxime hidrolóxico e dos demais valores ambientais, históricos e culturais dos montes.
- d) A conservación e o mantemento do solo natural e, se for o caso, da masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, do aire e da auga.
- e) O mantemento do uso forestal dos seus montes, agás resolución administrativa nos termos previstos nesta lei e na normativa concorrente."

*"CAPÍTULO VII: Conservación e protección de montes*

XUNTA DE GALICIA  
XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA  
DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA  
DILIXENZA: Para facer constar que este xonio é fiel reflexo do orixinal.



O Xefe da Sección de Minas

Fco. German Muñas Rodríguez





## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

Xefatura Territorial da Coruña  
Servizo de Montes  
Edif. Administrativo Manelos - Vicente Ferrer, 2 - 15008 A CORUÑA

galicia

### Artigo 58. Uso e actividade forestal

1. Para os efectos desta lei, enténdese por uso forestal calquera utilización de carácter continuado do monte que sexa compatible coa súa condición."

### - Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia

#### "Artículo 35. Usos e actividades en solo rústico.

1. Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:

(...)

k) Actividades e instalacións comprendidas no ámbito da lexislación mineira, incluídos os establecementos de beneficio, e pirotecnias."

#### "Artículo 36. Réxime de usos.

1. Os usos e actividades relacionados no artigo anterior son admisibles en calquera categoría de solo rústico, sen prexuízo do disposto nos instrumentos de ordenación do territorio e, se é o caso, logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística.

2. En todo caso, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal ou da autorización autonómica nos casos en que esta sexa preceptiva segundo o disposto no número seguinte."

### "TÍTULO III - Normas de aplicación directa

#### Artigo 91 Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe

As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:

(...)

- f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes."

### - Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia

#### "Artigo 46. Facultades dos propietarios en solo rústico

XUNTA DE GALICIA  
XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA  
DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA  
DILIXENZIA: Para facer constar que esta copia é fiel ao texto do orixinal.



O Xefe da Sección de Minas  
Fco. Germán Tujas Rodríguez

CVE: MWj0qbbRe1  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Montes

Edif. Administrativo Monelos – Vicente Ferrer, 2 – 15008 A CORUÑA

galicia

1. Os propietarios ou propietarias de terreos clasificados como solo rústico terán o dereito a usar, gozar e dispoñer deles de conformidade coa súa natureza e co seu destino rústico (artigo 32.1 da LSG).

Tales dereitos comprenden a realización dos actos non construtivos precisos para a utilización e explotación agrícola, gandeira, forestal, cinexética ou análoga á que os terreos estean efectivamente destinados, conforme a súa natureza e mediante o emprego de medios técnicos axeitados e ordinarios e que deberán permitir a preservación, en todo caso, das condicións edafolóxicas e ecolóxicas, así como a prevención de riscos de erosión e de incendio ou para a seguridade ou saúde públicas. Para efectos de prevención e defensa contra os incendios forestais, terán cabida neste punto a creación e mellora de pistas, devasas, puntos de auga e a instalación de elementos accesorios ás ditas infraestruturas (pasos de auga, peches de protección, etc.).

2. Igualmente, logo da obtención do título habilitante de natureza urbanística, poderán destinalos aos usos regulados nos artigos 35.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 50.1 deste regulamento (artigo 32.2 da LSG).

3. Nos terreos categorizados como solo rústico de especial protección, as facultades indicadas no punto primeiro deste artigo enténdense co alcance que sexa compatible co réxime de protección ao que a lexislación sectorial que resulte de aplicación suxeite os terreos, e nas condicións e coas limitacións que nesta se establezan."

"Artigo 50. Usos e actividades en solo rústico

1. Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:

a) Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragaxes, defensa de ríos e rectificación de leitos, abancalamientos, desmontes e recheos (artigo 35.1.a) da LSG).

Os movementos de terras que se realicen dentro dunha parcela deberán cumprir os seguintes requisitos:

1º. En ningún caso poderán alterar considerablemente a topografía natural do terreo, agás os supostos expresamente autorizados pola normativa sectorial.

2º. Non poderán alterar en máis de tres metros a rasante natural do terreo, agás aquelas actuacións en terreos con características especiais vinculados á actividade que se desenvolvan neles, como son os bancais en viñado en zonas de pendente moi elevada.

3º. Resolverán, dentro do propio terreo, a circulación das augas superficiais procedentes da choiva.

b) Muros de contención, así como valado de predios (artigo 35.1.b) da LSG).

A altura máxima dos muros de contención desde a cota de referencia será de tres metros, agás os supostos expresamente autorizados pola normativa sectorial.

Os peches e valados de predios poden ser de diversos tipos, nas condicións indicadas no artigo 60.

c) Actividades de lecer, tales como práctica de deportes organizados, actividades comerciais ambulantes (artigo 35.1.c) da LSG).

Xunta de Galicia  
XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA  
DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA  
DILIXENCIADA: Para facer constar que esta copia é fiel reflexo do original.



O Xefe da Sección de Minas

Fco. Germán Tuñas Rodríguez





## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

Xefatura Territorial da Coruña  
Servizo de Montes

Edif. Administrativo Monelos – Vicente Ferrer, 2 – 15008 A CORUÑA

galicia

*Entre as actividades de lecer inclúese o desfrute con fins de esparexemento, práctica de deportes organizados e de ocio, sendeirismo e outros, con base en actividades brandas, sen instalacións asociadas, fixas ou desmontables, con escasa ou nula incidencia no medio físico en que se desenvolven.*

*Poden implicar o simple tránsito peonil, que require un mínimo acondicionamento para a súa práctica, como son pequenas obras integradas na paisaxe (pasos sobre canles, balizamento de sendas, miradoiros, etc.).*

*d) Campamentos de turismo e instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, de carácter público ou privado, de uso individual ou colectivo, que se desenvolvan ao aire libre, coas obras e instalacións imprescindibles para o uso de que se trate (artigo 35.1.d) da LSG).*

*e) Actividades científicas, escolares e divulgativas (artigo 35.1.e) da LSG).*

*f) Depósito de materiais, almacenamento e parques de maquinaria e estacionamento ou exposición de vehículos ao aire libre (artigo 35.1.f) da LSG).*

*Os usos indicados nesta epígrafe deberán gardar relación directa coa explotación racional dos recursos naturais do solo rústico.*

*Noutro caso deberán ter un carácter temporal, en función do uso ou actividade de que se trate e logo de xustificación.*

*Excepcionalmente poderán autorizarse depósitos de materiais que non cumpran as condicións anteriores, sempre que se manteña o estado natural dos terreos en, polo menos, a metade da superficie da parcela.*

*En todo caso, está prohibida a instalación de contedores, caravanas ou calquera outro ben moble que, pola súa propia natureza, denote un uso residencial.*

*g) Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales como as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros (artigo 35.1.g) da LSG).*

*Estas construcións e instalacións responderán ás características, dimensións e configuración propias do medio rural galego. En ningún caso poderán destinarse a uso residencial ou de recreo, polo que queda prohibido que contén con instalacións propias das vivendas.*

*h) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos en que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas (artigo 35.1.h) da LSG).*

*Estas construcións e instalacións responderán ás características, dimensións e configuración propias do medio rural galego. En ningún caso poderán destinarse a uso residencial ou de recreo, polo que queda prohibido que contén con instalacións propias das vivendas.*

*i) Construcións e instalacións forestais destinadas á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así como as de defensa forestal, talleres, garaxes e parques de maquinaria forestal (artigo 35.1.i) da LSG).*

XUNTA DE GALICIA  
XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA  
DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA  
DILIXENCIA: Para facer constar que esta copia é fiel reflexo do orixinal.



O Xefe da Sección de Minas

Fco. German Tuñas Rodríguez





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

Xefatura Territorial da Coruña  
Servizo de Montes

Edif. Administrativo Monelos - Vicente Ferrer, 2 - 15008 A CORUÑA

galicia

*Estas construcións e instalacións responderán ás características, dimensións e configuración propias do medio rural galego. En ningún caso poderán destinarse a uso residencial ou de recreo, polo que queda prohibido que contén con instalacións propias das vivendas.*

*j) Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura (artigo 35.1.j) da LSG) e as auxiliares destas.*

*k) Actividades e instalacións comprendidas no ámbito da lexislación mineira, incluídos os establecementos de beneficio, e pirotecnias (artigo 35.1.k) da LSG).*

*l) Instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así como as estacións de servizo (artigo 35.1.l) da LSG).*

*m) Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos cales discorren (artigo 35.1.m) da LSG).*

*n) Construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola ou gandeira (artigo 35.1.n) da LSG).*

*ñ) Construcións de natureza artesanal ou de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasamento de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa coa natureza, extensión e destino do predio ou explotación do recurso natural (artigo 35.1.ñ) da LSG).*

*o) Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo que sexan potenciadoras do medio onde se localicen (artigo 35.1.o) da LSG).*

*p) Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados (artigo 35.1.p) da LSG).*

**2. Os restantes usos en solo rústico son usos prohibidos (artigo 35.2 da LSG)."**

**"Artigo 51 Réxime de usos**

**1. (...)**

**2. Nos terreos clasificados como solo rústico de especial protección poderán realizarse os usos, actividades e construcións enumerados no artigo anterior, sempre que sexan permitidos pola correspondente lexislación sectorial, por resultar compatibles co réxime de especial protección.**

**En todo caso, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal ou da autorización autonómica nos casos en que esta sexa preceptiva segundo o disposto no número seguinte (artigo 36.2 da LSG).**

**Para os efectos previstos neste artigo, a competencia para emitir a autorización ou informe favorable virá determinada en función da categoría de solo rústico obxecto de especial protección de que se trate. O prazo para a emisión do referido informe será de dous meses, transcorrido o cal, se entenderá emitido con carácter favorable.**

XUNTA DE GALICIA  
XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA  
DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA  
DILIXENCIAL: Para facer constar que este documento é copia do original.



O Xefe da Seción de Minas

Fco. Germán Tuñas Rodríguez







XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

Xefatura Territorial da Coruña  
Servizo de Montes

Edif. Administrativo Monelos - Vicente Ferrer, 2 - 15008 A CORUÑA

galicia

*No suposto de que o órgano sectorial deba emitir informe ou autorización en virtude da súa propia normativa sectorial, poderá pronunciarse tamén para os efectos do previsto neste artigo."*

### Proposta de informe

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sinala que o uso mineiro ao que se proxecta destinar os terreos afectados polo proxecto é un uso autorizable.

A explotación proxéctase nunha zona de marcado carácter e vocación forestal, na que unha porcentaxe importante da superficie sustenta explotacións forestais madeireiras.

A posta en explotación nesta zona da canteira que se proxecta suporía un evidente prexuízo, de carácter permanente, para os propietarios das explotacións forestais que constitúen o uso principal das terras afectadas. Este prexuízo habería de ser convenientemente valorado e ponderado, como un impacto de carácter negativo, á hora de realizar unha avaliación integral dos efectos da canteira e de sopesar a pertinencia de levar á realidade o proxecto. A xulzo deste servizo o impacto referido non se representa na matriz de impactos do estudo de impacto ambiental de xeito suficiente. Esta matriz céntrase en indicar que o impacto sobre a economía será positivo polas inversións a realizar, a creación de postos de traballo, as diferentes actuacións da actividade e o pago de licenzas, taxas e tributos. Respecto á ocupación do solo, se expresa que as actividades agrícolas e forestais serán "devoltas" ao finalizar a vida útil do proxecto. Este servizo considera que, polas características do proxecto, a devolución de actividades da que se fala, polo menos da actividade forestal, resultará dificilmente viable.

É necesario considerar que a construción da canteira constitúe unha actuación que implicará a perda do carácter forestal que actualmente posúen gran parte dos terreos e que se corresponde coa clasificación que lles outorgan os PXOM de Touro e de O Pino.

O Decreto 143/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no seu artigo 51.2, limita os usos dos solos rústicos especialmente protexidos aos permitidos pola correspondente lexislación sectorial, por resultar compatibles co réxime de especial protección. É necesario considerar, ademais, que a Lei 2/2016, no seu artigo 91, expresa que, no caso de risco de explosión, incendio ou contaminación, só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Unha explotación mineira a ceo aberto constitúe un uso non contemplado na lexislación sectorial aplicable ao solo rústico de especial protección forestal (Lei 7/2012, de montes de Galicia) que, a xulzo deste servizo, non resulta compatible con este réxime de especial protección e que, de acordo co artigo 91.f da Lei 2/2016, do solo de Galicia e co artigo 51.2 do seu Regulamento, non procede desenvolver no terreo no que se proxectan as obras namentres este solo manteña a clasificación que incide na protección dos seus valores forestais.

A Coruña, 6 de febreiro de 2018

XUNTA DE GALICIA  
XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA  
DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA  
DILIXENCIA: Para facer constar que esta copia é fiel do orixinal.



O Xefe da Sección de Minas

Fco. Germán Tuñas Rodríguez

Asinado por: CHAN RODRIGUEZ, JOSE LUIS  
Cargo: Xefe do Servizo de Montes  
Data e hora: 07/02/2018 16:38:53

Asinado por: DE MIGUEL ESPEJO, ANGELA  
Cargo: Xefe Unidade Técnica Ambiental I  
Data e hora: 05/02/2018 14:21:53

CVE: MW10qBRe1  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





JT/ap

<b>ASUNTO</b>	INFORME DE PATRIMONIO NATURAL	<b>CLAVE</b>	CA-CO-004-17
<b>PROXECTO</b>	EXPLOTACIÓN SAN RAFAEL Nº 2946.		
<b>ESPAZO NATURAL</b>	Ningún		
<b>CONCELLOS</b>	O Pino e Touro	<b>PROVINCIA</b>	A Coruña
<b>ORGANISMO</b>	Xefatura Territorial da Consellería de	<b>Ref.:</b>	
<b>SOLICITANTE</b>	Economía, Emprego e Industria	<b>Ref.:</b>	
<b>PROMOTOR</b>	COBRE SAN RAFAEL S.L.	<b>Ref.:</b>	

**Antecedentes**

Mediante oficio da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, do 8 de agosto de 2017, ten entrada nesta unidade administrativa documentación relativa ao proxecto da explotación "San Rafael nº 2946", para recadar informe sobre as cuestións competencia desta Dirección Xeral de Patrimonio Natural de acordo co disposto no artigo 23 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia.

Esta solicitude acompáñase da seguinte documentación:

- "ACTUALIZACION DEL PROYECTO DE EXPLOTACION VIGENTE DE COBRE DE TOURO. Marzo, Mayo 2017"
- "PLAN DE RESTAURACION DE LAS SUPERFICIES AFECTADAS POR LA ACTUALIZACION DEL PROYECTO DE EXPLOTACION VIGENTE DE COBRE DE TOURO. Febrero 2017".
- ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL DE LA ACTUALIZACION DEL PROYECTO DE EXPLOTACION VIGENTE DE COBRE DE TOURO. Marzo 2017.

**Resumo do proxecto** (para maior detalle do aquí apuntado consúltese o anexo a este informe que recolle as achegas que fai ao respecto o Servizo de Conservación da Natureza da Coruña).

O obxecto do proxecto xa ven definido no título da documentación, isto é, "actualización do proxecto de explotación vixente de cobre", sinalase, por tanto, a materia obxecto de explotación, cobre, así como a preexistencia dunha explotación ao seu efecto.

O proxecto localizaríase nos concellos de Touro e o Pino (A Coruña) e afectaría a unha superficie total de 689,65 Ha., das cales 197,43 se corresponden coas afeccións mineiras anteriores. O tempo de duración da actividade estímase en 15,5 anos. Durante este tempo preténdese obter 422.885 t de cobre, para o que se fai preciso un movemento de terras (extracción) dun total de 267.100.000 t. O material bruto extraído provirá de 10 ocos ou fronteiras mineiras, 5 de nova apertura e 5 obxecto de ampliación. O material extraído que non é aproveitado (entullos), que é a maior parte tal e como se sinalaba ao inicio (98,8% do total extraído), quedará

100% Ecolóxico

XUNTA DE GALICIA  
 XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA  
 DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA  
 DILIXENCIA: Para facer constar que esta documentación é auténtica.



O Xefe da Sección de Minas

Fco. German Tunas Rodríguez